



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Carballo González, Ángeles
Fernández Fernández, Federico
Fernández Iglesias, Manuel José
Ríos Santomé, M^{ra}. José
Valeije Álvarez, Inmaculada
Vaquero Díaz, Beatriz

DESCULPA ASISTENCIA
Valderrama Santomé, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 22 de marzo de dous mil doce, convocada para as 12:00 horas en primeira convocatoria e ás 12:30 horas en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O xoves, día **22 de marzo 2012**, ás 12:30 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2012.
2. Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións aos censos provisionais para as eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes nos consellos de departamento.
3. Aprobación, se procede, dos censos definitivos.
4. Aprobación, se procede, do número de estudantes claustrais por cada centro.
5. Aprobación, se procede, do modelo normalizado de candidatura para as eleccións de representantes de estudantes no Claustro.
6. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación provisional de candidaturas.
7. Sorteo de letra para establecer a orde alfabética da confección das papeletas.
8. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2012.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións aos censos provisionais para as eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes nos consellos de departamento.

O presidente da Comisión Electoral toma a palabra para informar do número e contido das reclamacións aos censos provisionais para as eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e das modificacións dos censos realizadas de oficio pola Comisión Electoral, tal e como consta no **Anexo I**.

Seguidamente, o presidente da Comisión Electoral dá conta das reclamacións aos censos provisionais nas eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamento. Comeza por informar das modificacións realizadas de oficio pola Comisión Electoral seguindo a orde de campus e centros. Dá conta das modificacións realizadas a

instancia de parte e das modificacións aceptadas polas xuntas electorais dos centros. Finaliza informando sobre as reclamacións rexeitadas nas eleccións a representantes de estudantes ao Claustro Universitario. No **Anexo II** se recollen as modificacións feitas.

O presidente da Comisión Electoral resalta a dificultade para elaborar os censos dos estudantes de terceiro ciclo, xa que, os datos reais posúenos os departamentos e a Secretaría Xeral unicamente pode subsanar os erros se hai reclamación dos interesados.

Intervén o señor Federico Fernández para preguntar se un PAS que ten a condición de estudante se pode presentar ás eleccións de representantes de estudantes aos consellos de departamento e ao Claustro; se pode ter a dobre condición ou se debe optar por un dos sectores.

Ábrese un pequeno debate e, tras a lectura e consulta do art. 14 do Procedemento para eleccións de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, a señora Ángeles Carballo infórmalle que ningunha persoa pode ter a condición de elector ou electora en dous sectores ou circunscricións electorais distintas, e que no caso de tela, debe presentar un escrito optando polo sector no que desexa participar na votación. Que, en caso de non o facer, a Comisión Electoral fará a adscrición, prevalecendo o sector de persoal de administración e servizos (PAS) sobre o de estudantes.

O señor Federico Fernández pregunta se a incompatibilidade se aplica desde que se constitúe o Claustro ou se se debe valorar en cada convocatoria electoral.

Acórdase estudar a pregunta.

Apróbase por asentimento.

Punto 3. Aprobación, se procede, dos censos definitivos.

Apróbase por asentimento.

Intervén a Prof^ª Beatriz Vaquero para dicir que dende o centro deberían poder solucionarse os problemas que formulan os alumnos en relación á inclusión nos censos.

Intervén a señora Angeles Carballo para dicirlle que segundo a normativa, no caso das eleccións a representantes de estudantes ao Claustro, a competencia reside na Comisión Electoral, pero que, no que atinxe ás eleccións a representantes de estudantes nos consellos de departamento, correspóndelle á Xunta Electoral do centro resolver as reclamacións, salvo aquelas que escapen da súa competencia, que as debe resolver a Comisión Electoral.

Punto 4. Aprobación, se procede, do número de estudantes claustrais por cada centro.

O presidente dá conta do número total de estudantes de 1º e 2º ciclo; o número total de estudantes de 3º ciclo por centros; e o número de representantes non Claustro por centro, tal e como figura no **Anexo III**.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, do modelo normalizado de candidatura para as eleccións de representantes de estudantes no Claustro.

Intervén a señora María José Ríos para solicitar que o modelo normalizado se adapte á linguaxe non sexista.

Intervén a señora Ángeles Carballo para solicitar que se habilite á Secretaría Xeral para corrixilo de oficio antes de envialo aos centros.

Apróbase o modelo que figura no **Anexo IV**.

Punto 6. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral da proclamación provisional de candidaturas.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Sorteio de letra para establecer a orde alfabética da confección das papeletas.

O resultado do sorteo establece as letras BA.

Punto 8. Rogos e preguntas.


Intervén a señora María José Ríos para solicitar que o punto 8 se debería denominar "Rolda libre de intervencións".

O señor Federico Fernández solicita que se estude se un PAS que tamén é estudante se pode presentar como candidato ás eleccións de estudantes ao Claustro polo sector estudantes, e se o período electoral se debe computar dende a constitución do Claustro ata a súa nova renovación total ou se se debe computar ata cada renovación parcial, é dicir, cada dous anos.

Queda pendente de estudo.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 horas do día 22 de marzo de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



Mª Inmaculada Valeije Álvarez